



FACULTADE DE FILOLOXÍA

A figura de Briseida: relevancia e biografía na *Ilíada*

Autora

LAURA PÉREZ BERNÁRDEZ

Titor

ÁNGEL RUIZ PÉREZ

Grao en Filoloxía Clásica
Universidade de Santiago de Compostela
Curso académico 2021/2022



FACULTADE DE FILOLOXÍA

A figura de Briseida: relevancia e biografía na *Ilíada*

Autora

LAURA PÉREZ BERNÁRDEZ

Titor

ÁNGEL RUIZ PÉREZ

Grao en Filoloxía Clásica
Universidade de Santiago de Compostela
Curso académico 2021/2022

Á familia que construíu polo camiño
e lle puxo banda sonora a isto e a todo o demais.

Formulario de delimitación do título e resumo

Traballo de Fin de Grao curso 2021_/2022

APELIDOS E NOME:	PÉREZ BERNÁRDEZ, LAURA
GRAO EN:	FILOLOXÍA CLÁSICA
(NO CASO DE MODERNAS) MENCIÓN EN:	
TITOR/A:	ÁNGEL RUIZ PÉREZ
LIÑA TEMÁTICA ASIGNADA:	LITERATURA GREGA

SOLICITO a aprobación do seguinte título e resumo:

<p>Título: A figura de Briseida: relevancia e biografía na <i>Iliada</i></p>
<p>Resumo [na lingua en que se vai redacta-lo TFG; entre 1000 e 2000 caracteres]: Este traballo ten por obxectivo o estudo detallado da figura de Briseida: como era a vida dunha muller hai miles de anos que, sendo filla do rei Briseo e, polo tanto, princesa en orixe, viviu a súa vida convertida en escrava de guerra. No contexto global do conflito bélico máis importante da época, a Guerra de Troia, Briseida é utilizada, xunto con Criseida (filla do sacerdote Crises) como premio dos dous guerreiros máis destacados da batalla: Agamenón e Aquiles. Cando ao primeiro lle quitan a súa escrava Criseida, o segundo queda sen a del, Briseida, porque Agamenón esixe que lle sexa compensado o botín que lle viñan de arrebatat. Establécese, pois, un xogo de poder entre estes guerreiros, aos que lles importa máis o seu honor e os trofeos que a propia loita e o seu desenlace. Briseida convértese no motivo de disputa entre os principais líderes gregos, o que provoca a división e conseguinte diminución de forzas no campo de batalla. É, xa que logo, unha personaxe de especial relevancia no relato recollido na <i>Iliada</i> e cómpre recoñecerlle o seu papel. Asemade, o traballo tamén se centrará no máis persoal de Briseida: as súas orixes, como queda viúva precisamente por culpa de Aquiles e como afronta o seu loito tendo que convivir con quen matou ao seu marido. Briseida vese desamparada sen o seu compañeiro e, ao mesmo tempo, sen un futuro e sometida ao poder doutro guerreiro. Analizarase en que medida pode unha viúva e escrava de guerra manifestar a súa dor pola perda dos seus seres queridos e como é o destino que lle espera.</p>

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2021.

Sinatura do/a interesado/a	Visto e prace (sinatura do/a titor/a)	Aprobado pola Comisión do Traballo de Fin de Grao coa data
		15 NOV. 2021
		Selo da Facultade de Filoloxía

SRA. PRESIDENTA DA COMISIÓN DO TRABALLO DE FIN DE GRAO

ÍNDICE

1. ASPECTOS INTRODUTORIOS	6
1. 1. OBXECTIVOS DO TRABALLO	6
1. 2. PRESENTACIÓN DA FIGURA DE BRISEIDA	6
1. 3. METODOLOXÍA	7
2. BRISEIDA E OS EPÍTETOS RELACIONADOS COA BELEZA	8
3. BRISEIDA: CARACTERIZACIÓN DA PERSONAXE	14
4. RELACIÓNS INTERPERSOAIS DE BRISEIDA	23
4. 1. AQUILES	23
4. 2. PATROCLO	31
4. 3. AGAMENÓN	34
4. 4. O SEU MARIDO	37
4. 5. CRISEIDA	38
4. 6. CONXUNTO DE CARPIDEIRAS	38
5. RECONSTRUCCIÓN CRONOLÓXICA DA IMPORTANCIA DE BRISEIDA NA <i>ILÍADA</i>	39
6. CONCLUSIÓNS	41
7. BIBLIOGRAFÍA	43

1. ASPECTOS INTRODUTORIOS

1. 1. OBXECTIVOS DO TRABALLO

O estudo que realizaremos sobre a figura de Briseida centrarase principalmente nunha reconstrución biográfica da moza, tratando, por unha banda, dende o comezo da súa vida ata o momento da súa viuvez; e, pola outra, despois deste punto de inflexión na súa traxectoria vital, o seu papel na guerra de Troia e a súa nova vida como escrava de guerra. sendo antes unha muller libre cos seus correspondentes dereitos. Asemade, poremos o foco nas súas relacións interpersoais con Aquiles, Patroclo, o seu marido e mais o resto de mulleres coas que comparte espazo e circunstancias. Trataremos de dar conta do modo no que se enfrontou á viuvez e ao cambio do seu status social: era a esposa dun guerreiro e pasou a ser o botín do valoroso Aquiles, o mesmo que acabara coa vida do seu amado marido.

Outro aspecto chave é a forma que ten Briseida de afrontar o seu loito mentres se ve obrigada a convivir con quen a converteu en viúva. A moza está desamparada sen o seu compañeiro e, ao mesmo tempo, vese sen un futuro e sometida á vontade e ao poder doutro guerreiro. Analizaremos en que medida pode unha viúva e escrava de guerra expresar a súa dor pola perda dos seus seres queridos e como se debuxa o destino que lle agarda. De igual modo e paralelamente, reflexionaremos sobre a súa importancia no desenvolvemento do conflito bélico, o de maiores dimensións documentado na época antiga.

1. 2. PRESENTACIÓN DA FIGURA DE BRISEIDA

Briseida era filla do rei Briseo e, por conseguinte, unha princesa, mais rematou vivindo convertida en escrava. Xunto con Criseida, a filla do sacerdote Crises, é utilizada como premio dos dous combatentes máis destacados do bando troiano: Agamenón e Aquiles. Cando ao primeiro lle quitan a súa escrava Criseida, Aquiles queda sen a del, Briseida, xa que o Atrida Agamenón esixe que lle sexa compensado o botín que lle viñan de arrebatat. Xa que logo, establécese entre ambos guerreiros un xogo de poder, no cal se disputa cadanseu honor. A estes troianos semella importarlles máis a súa dignidade e os trofeos que cren merecer que a propia loita na que participan e o seu desenlace.

Briseida convértese no motivo de disputa entre os principais líderes gregos e isto resulta na inevitable división e conseguinte diminución de forzas no campo de batalla. A moza que estudamos é, xa que logo, unha personaxe de especial relevancia á que cómpre recoñecerlle o seu papel no relato recollido na *Iliada*, a obra que tomamos como principal referencia para a realización da presente investigación.

1. 3. METODOLOXÍA

En canto á metodoloxía seguida para a elaboración do presente traballo cómpre destacar que se empregou como guía a edición da *Iliada* de Homero da editorial Gredos, cuxo tradutor (ao castelán) é Emilio Crespo. Seguíronse, pois, as súas traducións en todas aquelas partes que se consideraron necesarias incluír neste estudo. Estas están, á súa vez, adaptadas ao galego pola autora deste traballo. Tamén se empregaron os diferentes volumes de comentarios á obra, *The Iliad: a commentary*, dos que G. S. Kirk é o editor xeral.

Do mesmo xeito, foime de gran utilidade o artigo de Linda Molli «Just a pale shadow? The characterization of Briseis in Homer's *Iliad*», de 2021, malia só poder consultalo nos últimos días de elaboración do traballo, xa que acaba de saír publicado. Ao ter boa parte da investigación realizada, puiden comprobar como o punto da miña análise e mais o da autora coincidían practicamente na súa totalidade, o que me resultou moi gratificante e me serviu de guía para as últimas pinceladas do traballo

No proceso de redacción fóronse aportando reflexións persoais apoiadas en fragmentos do texto orixinal en grego, aos que lle seguen os seus correspondentes traducidos ao galego. Conforme se avanza no estudo e quedan analizados xa ditos fragmentos, só volven aparecer mencións ou referencias a estes cando se considera necesario.

2. BRISEIDA E OS EPÍTETOS RELACIONADOS COA BELEZA

Para levar a termo unha análise máis precisa das comparacións en termos de beleza das que é obxecto Briseida nas diferentes mencións que se lle fan na *Iliada*, procederemos a tratalas canto por canto.

No canto I atopamos a primeira mención á figura que estudamos, no verso 184. Porén, podemos remontarnos xa uns versos máis atrás (arredor do v. 93, cando comeza a intervención do adiviño Calcante) para establecer un contexto a esta primeira nominación que procedemos a tratar.

Así pois, o Atrida Agamenón deshonrou ao sacerdote Crises cando este chegou ás veloces naves dos aqueos con inmensos rescates para liberar á súa filla Criseida, a cal fora apresada como botín de guerra, como tamén o fora a nosa moza, Briseida, filla, á súa vez, do rei Briseo. O sacerdote ofrecéralles un rescate mais o Atrida, rei dos aqueos, non respectou o trato, que esixía da parte contraria a liberación da súa rapaza. Agamenón transmitiulle a Calcante a súa firme intención de non entregar a Criseida e afirmou, asemade, preferirla antes que a Clitemnestra, a súa lexítima esposa, chegando ata a equiparalas en figura, talle, habilidade e xuízo. O adiviño, pois, vaticinou que unha peste recaería sobre os aqueos se Agamenón non devolvía a Criseida. Foi por iso polo que o Atrida mandou dispoñer para el outro botín e así poder devolver o que lle estaba sendo requirido.

Este segundo botín do que se apropiou foi o que orixinariamente lle fora atribuído ao valoroso Aquiles: outra moza, tamén moi recoñecida pola súa beleza, Briseida, o obxecto de estudo deste proxecto.

Esclarecido o contexto e volvendo entón ao verso 184 arriba citado, o texto grego reza: *Βρισηΐδα καλλιπάρηον*, cuxa tradución ao galego é ‘Briseida, de fermosas fazulas’. Cabe destacar, en primeiro lugar, unha característica do plano métrico: atópase en posición final de verso.

A pasaxe na que figura este verso forma parte dunha intervención de Agamenón dirixida a Aquiles. Nela, logo de mencionar a Briseida con ese cualificativo *καλλιπάρηον* (que seguiremos analizando despois e buscándolle paralelos na obra), identifica a moza como o botín de Aquiles, *τὸ σὸν γέρας* (v. 185). Quere isto dicir que Briseida aparece cousificada, tratada como un mero obxecto, neste caso unha recompensa de guerra que un valente guerreiro gañou a causa do seu bo facer no campo de batalla.

Agamenón dille ao Pelida Aquiles que, de igual modo que Febo Apolo lle quitou a Criseida, a moza que lle fora outorgada, el mesmo podería quitarlle a Briseida, acudindo, se for preciso, en persoa á tenda de Aquiles para facerlle ver canto máis poderoso era ca el, e así tamén aborrecese calquera outro pretender igualarse e compararse ao soberano dos aqueos. Kirk (1985: 71) considera que Agamenón pretende, ante todo, deixar claro que a propiedade de Briseida debe serlle atribuída a el exclusivamente. Tamén apunta que Aquiles, pola súa parte, non fai unha referencia específica a Briseida na súa contestación, senón que se refire cun termo máis xeral, *δῶρ' ἀποαιρεῖσθαι* (v. 230, en posición inicial), ‘quitar os regalos’.

No verso 323 volvemos atopar a fórmula *Βρισηΐδα καλλιπάρηον*. Igual que no verso 184, aparece a final de verso.

Neste caso é Agamenón quen ten a palabra. Encárgalle a Taltibio e Euríbates, os seus dous heraldos e dilixentes servidores, que fosen á tenda de Aquiles e trouxesen de alí a Briseida. Se se dese a situación de que o Pelida Aquiles non quixer entregala, Agamenón iría en persoa con reforzos.

Uns vinte versos máis adiante (concretamente, v. 346) repítese a fórmula que estamos tratando e a súa posición en final de verso. No fragmento nárrese o momento no que Patroclo saca a Briseida da tenda do Pelida e a rapaza acompaña aos emisarios do soberano Agamenón de mala gana. O texto grego é o que segue:

(...) Πάτροκλος δὲ φίλῳ ἐπεπείθεθ' ἑταίρῳ,
ἐκ δ' ἄγαγε κλισίης **Βρισηΐδα καλλιπάρηον**,
δῶκε δ' ἄγειν· τῷ δ' αὖτις ἴτην παρὰ νῆας Ἀχαιῶν·
ἦ δ' ἀέκουσ' ἅμα τοῖσι **γυνῆ** κίεν· (...)

(...) e Patroclo obedeceu o seu compañeiro,
e sacou da tenda **a Briseida, a de fermosas fazulas**,
e déullela para levala. Volveron ás naves dos aqueos,
e **a muller** marchou con eles de mala gana. (...)

Kirk (1985: 87) propón, a propósito deste fragmento, que está presente unha suxestión do apego que Briseida pode profesarlle ao seu capturador. Esta hipótese baséase no rexeitamento expresado por *ἀέκουσ'* (v. 348). Considera o autor do comentario no que apoiamos o noso estudo que Briseida tamén sentía un considerable afecto por Patroclo, como poderemos ver máis adiante cando, no momento do pasamento do fiel compañeiro do guerreiro Aquiles, se lamenta da maneira máis desconsolada e sincera pola perda sobre o corpo inerte de Patroclo (vid. *Il.*, libro XIX, vv. 287-300). Asemade, segundo expón Kirk, cando ela lembra que Patroclo lle prometeu, unha vez que foi apresada polos aqueos, que Aquiles a chegaría a levar de volta á súa patria (Ftía) algún día en calidade de esposa.

A seguinte mención que se fai a Briseida en termos de comparanza da súa beleza está no verso 429 deste primeiro canto. Aparece notada en grego como *ἐϋζώνοιο γυναικὸς*, en posición final de verso. A correspondente tradución ao galego é 'pola muller (trátase dun xenitivo de causa), de belo talle'. Esta é a última alusión á beleza da moza no canto I, e o contexto no que se produce é protagonizado por Aquiles, quen queda irritado polo feito de que lle viñan de arrebatara pola forza e contra a súa vontade a muller que estudamos. Aquiles acababa de falar coa súa nai, a divina Tetis, quen lle aconsellou que mantivese a súa cólera contra os seus compañeiros aqueos e, por conseguinte, que se afastase do campo de batalla.

Pasando agora ao canto II, a única vez que Briseida aparece mencionada é no verso 689: *κóρης χωόμενος Βρισηΐδος ἠϋκόμοιο*. Ocupa todo o verso e pódese traducir da seguinte maneira: 'irritado (Aquiles) por causa da xove Briseida, de fermosos

cabelos'. Vemos aquí que xa non se alude ao seu talle ou á súa face, senón que, aínda que se trate igualmente dun aspecto físico, agora é o seu cabelo o obxecto de loanza, cualificado, pois, de maneira moi positiva.

Este fragmento está incluído na moi coñecida pasaxe da *Iliada* co nome de “Catálogo das naves”. Cítase o grupo composto por mirmidóns, helenos e aqueos. Das súas cincuenta naves era Aquiles o xefe, mais ningún destes guerreiros pensaba no combate ao non ter un dirixente que se puxese á fronte das súas filas. Aquiles, a quen lle correspondía esta función orixinariamente, estaba nas naves irritado por causa da xove Briseida, de fermosos cabelos (v. 689 xa analizado), que arrebatara para si de Lirneso, logo de moitas fatigas tras saquear completamente Lirneso e as murallas de Teba.

A respecto do verso que nos ocupa Kirk (1985: 230) propón que o foco recae sobre Briseida e a súa obtención en Lirneso. En canto á cólera de Aquiles, que comeza a adquirir maior presenza, estenderase en maior medida no libro IX, cando Aquiles desenvolva a idea no seu discurso, tinguido de indignación, dirixido á embaixada. Veremos entón como suscita no recordo as longas noites sen durmir e mais os días sangrentos nos que el mesmo capturou e arrasou un total de 23 cidades e deulle os correspondentes botíns de cada unha delas ao Atrida Agamenón, quen, pola súa banda, lle quitou logo a muller que estaba ao seu cargo (é dicir, Briseida), aínda que esta xa estaba cautiva na tenda de Aquiles. Isto é, fixoa cautiva por “partida dobre”. Unha vez que a conseguiron como botín, ela xa era unha escrava. Logo, entre combatentes do mesmo bando, a moza volveu pasar polo mesmo sufrimento.

Para seguir co noso estudo é necesario saltar ao libro XVI, onde se atopa o seguinte comentario sobre a beleza da nosa protagonista. Está, pois, ao final do verso 85, e reza da seguinte maneira: *περικαλλέα κόρυνην*, que traducimos por ‘a bela moza’.

En canto ao contexto, cabe destacar que se trata dunha intervención de Aquiles nunha conversa que mantén co seu inseparable Patroclo, na cal lle dá permiso a este para volver ao campo de batalla logo de decidir, tras unha longa reflexión, depoñer a súa cólera pola expropiación da súa moza. Aquiles aconséllalle a Patroclo que, unha vez expulse aos troianos das inmediacións das naves aqueas, regrese a estas para manterse san e salvo e así, ao mesmo tempo, gañar para o propio Pelida unha gran honra e mais gloria de todos os dánaos, ademais de facer posible que lle devolvan a Briseida.

A seguinte alusión á beleza da nosa protagonista atopámola xa no libro XIX, á altura do verso 242, cunha fórmula que xa tratamos con anterioridade: *Βρισηΐδα καλλιπάρηρον*, ‘Briseida, a de fermosas fazulas’. Como en todos os casos xa vistos, ocupa o final do hexámetro. Sobre o contexto desta mención cabe destacar que o fragmento está incluído nunha invocación ao pai Zeus e ao Sol, testemuñas imprescindibles nos xuramentos que se realizaban. Fala Ulises dirixíndose ao Pelida no verso 215 e, arredor do vinte versos máis abaixo (v. 238), bota a andar, en compañía de varios compañeiros de filas, cara á tenda de Agamenón para cargar todos os premios que prometeran aos vencedores de cada un dos xogos funerarios celebrados na honra do defunto Patroclo. Aparece, pois, Briseida, en último lugar, posiblemente para destacar a súa importancia e distinguila dos obxectos materiais e do resto de mulleres (eran sete, “expertas en intachables labores” - Crespo 2006: 392). Porén, esta distinción materialízase dun xeito máis claro no episodio do pranto de Briseida polo pasamento de Patroclo, comprendido entre os versos 282 e 302 do presente canto (Edwards 1991: 264).

Βρισηΐς δ’ ἄρ’ ἔπειτ’, ἰκέλη χρυσέη Ἀφροδίτη,
ὡς ἶδε Πάτροκλον δεδαῖγμένον ὀξεΐ χαλκῷ,
ἀμφ’ αὐτῷ χυμένη λίγ’ ἐκώκυε, χερσὶ δ’ ἄμυσσε
στήθεά τ’ ἦδ’ ἀπαλὴν δειρὴν ἰδὲ καλὰ πρόσωπα.

Entón Briseida, semellante á áurea Afrodita,
ao ver o corpo de Patroclo desgarrado polo afiado bronce,
caeu abrazada a el e estalou en agudos xemidos, e rabuñábase
coas unllas o peito, o suave pescozo e a fermosa cara.

Nesta nova aparición (v. 282), o nome de Briseida aparece xusto a comezo do verso e en nominativo (*Βρισηΐς*), o que reflicte unha clara vontade de conferirlle por fin o papel de suxeito á nosa moza, ata agora tratada como un simple obxecto ou moeda de cambio entre os dous guerreiros aqueos. Nesta pasaxe reside a chave para comprender a función que cumpre Briseida e que lle é conferida que, á súa vez, evoluciona conforme avanza os acontecementos bélicos. Ata este momento viamos a Briseida tratada como parte engadida dun botín, isto é, unha simple mercadoría, unha escrava de guerra que fora apresada en Lirneso e dende entón cambiada alternativamente dunhas mans a outras. En definitiva,

Briseida comeza a adquirir unhas dimensións moito máis importantes na obra. Xa constitúe un suxeito por si mesma, “independente” en certa maneira, que é ata certo punto libre e autónoma para expresar o seu loito e vivilo dende a súa persoa e non subordinada ás directrices doutro home.

Nos versos que aquí analizamos, Briseida é o nome e a figura dunha muller. Ademais, a súa beleza é comparada á das deusas: neste mesmo verso hai unha comparación á deusa Afrodita, *ἰκέλη χρυσέη Ἀφροδίτη*, ‘semellante á áurea Afrodita’. Deste xeito, ademais de ser a primeira vez que Briseida aparece como protagonista e suxeito dunha acción, faino como unha muller que sente e padece pola morte de Patroclo, expresa a súa dor publicamente. Será ela a encargada de dirixir os lamentos adicados a Patroclo e deixa ver entón unha profunda tristeza a través dunha ácida expresión de dó. Segundo Edwards (1991: 268) a imaxe dunha Briseida que manifesta abertamente o seu loito trae ao recordo o feito de que ela foi recuperada para o beneficio de Aquiles a cambio da vida de Patroclo.

A continuación hai outra sección de versos que comeza con outra comparanza de Briseida á beleza divina. Recóllese no verso 286, cuxo texto grego é *εἶπε δ’ ἄρα κλαίονσα γυνὴ εἰκνῖα θεῆσι*, ‘e dixo entre bágoas a muller, **semellante ás deusas**’.

Repítese, xa que logo, a intención de equiparar a fermosura da nosa moza á dunha divindade e con isto refórzase a idea de que Briseida é, antes ca unha escrava, unha muller que polos seus atributos físicos ten todas as posibilidades de converterse na esposa lexítima de Aquiles, como lle prometera que ocorrería o defunto Patroclo.

Poñemos fin a este capítulo cunha última mención á fermosura de Briseida no derradeiro canto da *Ilíada*. Desta volta, recuperamos o epíteto máis común para referirse á nosa moza: *τῷ δὲ Βρισηῖς (...) καλλιπάρηος* (v. 676), ‘Briseida, a de fermosas fazulas’.

O contexto deste verso é a primeira referencia explícita que se fai na obra a que Aquiles e Briseida comparten leito, probablemente cunha significación implícita de carácter sexual. Non aparece anteriormente outra referencia deste tipo que involucre a ambos personaxes.

Así, logo de realizar esta análise canto por canto, concluímos nesta primeira parte do noso estudo que a fórmula máis común para citar a Briseida é *Βρισηΐδα καλλιπάρηον*, ‘Briseida, a de fermosas fazulas’. Por isto podemos deducir que se trataba dunha rapaza cunha face colorada, de aspecto san e pómulos remarcados. Tamén se alude ao seu cabelo, que imaxinamos longo e moi probablemente loiro, segundo os canons de beleza da época antiga.

3. BRISEIDA: CARACTERIZACIÓN DA PERSONAXE

Esta segunda sección do noso estudo ten por obxecto a descrición máis polo miúdo de Briseida, en canto á súa traxectoria vital, dende a posición social, os hábitos que mantiña, os privilexios dos que gozaba ao ser a esposa do rei de Lirneso, a como chegou a mans dos aqueos e viviu supeditada ás ordes de Aquiles. Fíxoo confiando na palabra de Patroclo, o cocheiro do Pelida, quen lle daba esperanzas de que algún día chegaría a casar co divino Aquiles e acabaría para ela a pena de levar unha vida de escrava, cando non era o que lle correspondía.

Tamén se tentará aportar información sobre outros aspectos da xove, máis relacionados coa súa personalidade e as súas inquiredanzas, e con como afronta ela os acontecementos que se suceden na súa vida ou que, dalgunha maneira, lle afectan.

Briseida, como tantas outras mulleres, foi vítima de guerra: viu cos seus propios ollos a destrución da súa terra e da súa familia, para inmediatamente despois ser capturada e feita escrava do asasino do seu marido e dos seus irmáns.

A primeira referencia que hai na *Iliada* ao núcleo familiar de Briseida está no canto I (vv. 391-2): *τήν δὲ (...) / κούρην Βρισηῖος τήν μοι δόσαν υἱὲς Ἀχαιῶν*, ‘e coa outra (...), / coa rapaza de Briseo, que os fillos dos aqueos me deron’. O contexto desta mención protagonízao Aquiles, quen lle relata á súa nai Tetis o ocorrido con Criseida e mais a reacción de Apolo contra o pobo aqueo.

Briseida aparece notada como ‘a rapaza de Briseo’, a filla de alguén. Este era rei de Pédaso e Lirneso, o enclave onde se produciu a batalla na que arrestaron ás mozas Briseida e Criseida, segundo a edición traducida da *Iliada* da Editorial Gredos, por Emilio Crespo, recolle no seu índice onomástico engadido (2006: 561). Ademais destes detalles quizais un pouco ambiguos en relación coa identidade do proxenitor, tamén consta que Briseida é un nome patronímico, isto é, foille atribuído precisamente a partir da derivación de Briseo, outro dos nomes de Dioniso.

Atopamos a mesma fórmula nos versos 132 e 274 do canto IX e, como no caso anterior, en posición inicial. Hainsworth (1993: 75) aposta porque se trata dunha

interpretación de Briseida, a súa denominación habitual como o patronímico paralelo de Criseida, a filla de Crises. ‘Briseida’ é máis ca unha etiqueta; pode que este nome faga referencia á ‘muller de Brisa’, un enclave situado en Lesbos, aínda que na obra se presente asociada a Lirneso. Tamén destaca o autor que hai ninfas con este nome.

En toda a obra non se volve facer referencia a Briseida recorrendo ao seu proxenitor, mais resulta moi significativo que sexa desta maneira como se dea a primeira aparición da moza na obra. Ponse en escena relacionándoa cunha figura masculina, que neste caso é o seu pai, e déixase así constancia de que a persoa que se vai tratar ten unha identidade feble e que o seu percorrido na historia estará determinado por un home, ben sexa o seu pai, como tratamos aquí; o seu marido, o rei de Lirneso; ou os guerreiros aqueos, o soberano Agamenón e mais o divino Aquiles.

Do lugar de orixe de Briseida daremos conta nas seguintes liñas:

No canto II hai unha primeira mención á patria orixinaria de Briseida, Lirneso, unha cidade ben amurallada que fora enteiramente saqueada polos aqueos. O texto grego correspóndese ao dos versos 690 e 691: *τὴν ἐκ Λυρνησοῦ ἐξείλετο πολλὰ μογήσας / Λυρνησοῦν διαπορθήσας καὶ τείχεα Θήβης*, ‘(...) que arrebatara para si de Lirneso, logo de moitas fatigas / tras saquear completamente Lirneso e as murallas de Teba’.

En relación ao contexto cabe clarificar que se trata da pasaxe coñecida co nome de “Catálogo das naves”. Aquiles mantíñase apartado nas naves debido á súa ira por causa da moza Briseida, a que lle viñan de levar da súa tenda.

Coñecemos, pois, o lugar de procedencia de Briseida e mais da súa familia. Kirk (1985: 230) ve que a atención destes versos recae sobre a moza e a súa obtención en Lirneso. Aquiles lembra o ataque de Teba, a cidade de Etión da cal foi capturada Criseida na mesma intrusión que Briseida. Outra das aclaracións que fai o autor é que a cidade de Lirneso xace baixo o Monte Ida.

No canto XVI aparece outra referencia a este enclave, desta volta como *πόλιν εὐτείχεα*, ‘a ben amurallada cidade’, no verso 57. Prodúcese nunha conversa entre Aquiles e Patroclo, na cal o primeiro fala de Briseida referíndose a ela como *κούρην ἧν ἄρα μοι γέρας*

ἔξελον υἷες Ἀχαιῶν, / δουρὶ δ' ἐμῷ κτεάτισσα, ‘a rapaza que os fillos dos aqueos me reservaron en prenda / e que adquirín coa miña lanza tras saquear (...)’.

Destácase, en efecto, a idea de que o lugar onde se produciu o combate do que sacaron trofeos de gran valor, entre os que se inclúen as fillas de Crises e de Briseo, estaba moi ben fortificado e a incursión nel foi dificultosa. Isto, por outra banda, deixa ver que se trataba dunha rexión ben capacitada dende o punto de vista económico, pois doutra maneira non sería posible que contase con defensa propia.

Consta outra mención á patria da nosa rapaza no canto XIX, nunha intervención realizada por Aquiles e dirixida ao Atrida Agamenón no medio dunha asemblea que celebraron os aqueos xusto antes de reincorporarse á loita. Aparece no verso 60: *ἤματι τῷ ὅτ' ἐγὼν ἐλόμην Λυρνησσὸν ὀλέσσεας*, ‘aquele día no que eu conquistei e destruí Lirneso’.

Vemos como Aquiles, o máis valente dos guerreiros aqueos, se atribúe a el mesmo o mérito da gañancia deste lugar e, implicitamente, tamén o da moza que lle tocara no reparto das recompensas. As verbas de Aquiles reflicten en realidade a súa intención de deixar patente que, sen a súa participación no saqueo de Lirneso, os aqueos nunca terían chegado a conseguir a vitoria sobre dita cidade.

No canto XX hai de novo varias referencias ao saqueamento de Lirneso por parte de Aquiles e Eneas, que se volven enfrontar agora no campo de batalla de Ilión. En boca de Eneas está a primeira alusión a Lirneso e Pédaso no verso 92:

οὐ μὲν γὰρ νῦν πρῶτα ποδώκεος ἄντ' Ἀχιλῆος
στήσομαι, ἀλλ' ἤδη με καὶ ἄλλοτε δουρὶ φόβησεν
ἐξ Ἴδης, ὅτε βουσὶν ἐπήλυθεν ἡμετέρησι,
πέρσε δὲ **Λυρνησσὸν καὶ Πήδασον**.

Non será esta a primeira vez que ante o velocípedo Aquiles me oporei; xa noutra ocasión coa súa lanza me puxo en fuga fóra do Ida, cando atacou as nosas vacas e saqueou **Lirneso e Pédaso**.

En canto ao contexto, Eneas respóndelle a Apolo, quen tomou a voz de Licaón, o fillo de Príamo, para exhortalo a combater contra o Pelida.

Un par de versos máis abaixo (v. 94) hai unha nova referencia á protección que Atenea servía para os aqueos:

ἦ κ' ἐδάμην ὑπὸ χερσὶν Ἀχιλλῆος καὶ Ἀθήνης,
ἦ οἱ πρόσθεν ἰοῦσα τίθει φάος ἠδ' ἐκέλευεν
ἔγχει χαλκείῳ **Λέλεγας** καὶ Τρῶας ἐναίρειν.

Seguro que tería sucumbido a mans de Aquiles e de Atenea, que ía diante levándolle a luz da salvación e ordenándolle exterminar coa broncínea pica os **lélexes** e os troianos.

Segundo apunta Edwards (1991: 304), Pédaso era a cidade principal dos lélexes.

No verso 191 do mesmo canto volve mencionarse Lirneso, desta volta en voz de Aquiles, quen se dirixe a Eneas lembrándolle un enfrontamento común nese lugar.

ἔνθεν δ' ἐξ **Λυρνησσὸν** ὑπέκφυγες· αὐτὰρ ἐγὼ τὴν
πέρσα μεθορμηθεὶς σὺν Ἀθήνῃ καὶ Διὶ πατρί,
ληϊάδας δὲ γυναῖκας ἐλεύθερον ἦμαρ ἀπούρας
ἦγον· (...)

De alí fuches refuxiarte **a Lirneso**, mais eu saqueeina cando irrompín nela tras de ti con Atenea e Zeus pai e arrebatei o día da liberdade ás mulleres, ás que levei cautivas (...).

A información que a *Iliada* ofrece sobre quen era o seu marido, morto no saqueo de Lirneso a mans do valoroso Aquiles, é bastante escasa. Porén, trataremos de reconstruír a biografía do soberano na medida en que nos sexa posible.

No canto XIX hai unha pasaxe moi destacable: o pranto de Briseida pola morte de Patroclo. Nela narra a nosa moza a historia propia do seu marido, e é a partir destes versos de onde obtemos a maior parte da información que podemos ofrecer ao respecto.

A narración comeza no verso 287 e esténdese ata o 300. A partir do v. 291:

**ἄνδρα μὲν ᾧ ἔδοσάν με πατήρ καὶ πότνια μήτηρ
εἶδον πρὸ πτόλιος δεδαῖγμένον ὄξεϊ χαλκῷ,**

(...)

οὐδὲ μὲν οὐδέ μ' ἔασκες, ὅτ' ἄνδρ' ἐμὸν ὠκὺς Ἀχιλλεὺς²⁹⁵
ἔκτεινεν, πέρσεν δὲ πόλιν θείοιο Μύνητος,
κλαίειν (...).

Ao **marido** a quen me confiaron o meu pai e a miña augusta nai
vino diante da cidade desgarrado polo afiado bronce,

(...)

Nin sequera me permitiches, cando o lixeiro Aquiles
matou ao meu marido e saqueou a cidade do divino Minete,
chorar (...).

Briseida confirma que viu morrer o seu marido aos pés da cidade onde vivían, a cal quedara asemade totalmente destruída, tamén por obra do Pelida Aquiles, o que reducía de xeito máis evidente as posibilidades de continuar alí. Ademais, Briseida non só quedara viúva a causa da invasión aquea, senón que tamén perdera aos seus tres irmáns varóns, o que facía dela unha muller sen escapatoria á conversión en escrava de guerra, sometida aos guerreiros que provocaron a súa desgraza.

Dos irmáns de Briseida pouco máis sabemos do referido nos versos 93 e 94:

τρῆς τε κασιγνήτους, τοὺς μοι μία γείνατο μήτηρ,
κηδείους, οἱ πάντες ὀλέθριον ἦμαρ ἐπέσπον.

igual que aos tres irmáns que a miña nai enxendrara,
tan amados e todos alcanzaron o día da ruína.

Na segunda parte deste capítulo faremos fincapé na presenza da figura estudada na obra e no seu papel como protagonista, especialmente na pasaxe que vimos de tratar, o pranto pola morte de Patroclo.

No canto XIX aparece o seu nome a principio de verso e en nominativo, polo que non deixa dúbidas de que será quen leve o peso da acción. Tal e como apunta Edwards (1991: 267), o lamento de Briseida responde ao dó tradicional das mulleres sobre o corpo de Patroclo. Tratamos aquí o verso 282 e seguintes, que rezan:

Βρισηῖς δ' ἄρ' ἔπειτ', ἰκέλη χρυσέη Ἀφροδίτη,
ὡς ἴδε Πάτροκλον δεδαῖγμένον ὀξεί χαλκῷ,
ἀμφ' αὐτῷ χυμένη λίγ' ἐκώκυε, χερσὶ δ' ἄμυσσε
στήθεά τ' ἠδ' ἀπαλὴν δειρὴν ἰδὲ καλὰ πρόσωπα.

Entón **Briseida**, semellante á áurea Afrodita,
ao ver o corpo de Patroclo desgarrado polo afiado bronce,
caeu abrazada a el e estalou en agudos xemidos, e rabuñábase
coas unllas o peito, o suave pescozo e a fermosa cara.

Malia que estes versos xa os tratamos no capítulo 1, neste caso analizarémolos dende outra óptica: como desenvolve Briseida a acción e cales son os sentimentos que manifesta.

Briseida representa aquí a unha muller que expresa o seu dó polo pasamento de Patroclo, un home que foi benévolo con ela dende o momento da súa captación, e dirixe logo os lamentos fúnebres na súa honra. O último verso significa un sinal de desesperación e profunda tristeza; en pasaxes anteriores da obra ten aparecido “darse golpes na coxas”.

Segundo Edwards (1991: 298), estes versos tamén dramatizan o retorno a Aquiles do seu premio de honra sen desmerecer a atención do seu loito por Patroclo. A propia dor de Briseida fai que resulte máis fácil comprender a perda que Aquiles vén de sufrir. Ademais, a ilustración de Briseida manifestando o loito trae ao recordo que ela foi devolta ao Pelida a cambio da vida de Patroclo.

Edwards recolle as palabras de I.J.F. de Jong: “a visión de Patroclo evoca lembranzas do pasamento do seu marido, e no discurso que segue intégrase a dor polo esposo que perdeu no seu lamento por Patroclo. De xeito sucesivo, o seu recordo activa a memoria das outras mulleres que a acompañan no dó” (I.J.F. de Jong en Bremer, *HBOP* 113).

Nos versos que seguen déixase de ver a Briseida como unha mera mercadoría e céntrase a atención na súa persoa:

εἶπε δ' ἄρα κλαίουσα γυνή ἐϊκυῖα θεῆσι·
«Πάτροκλέ μοι δειλῆ πλεῖστον κεχαρισμένε θυμῷ,
ζῶν μὲν σε ἔλειπον ἐγὼ κλισίηθεν ἰοῦσα,
νῦν δέ σε τεθνηῶτα κιχάνομαι, ὄρχαμε λαῶν,
ἄψ ἀνιοῦσ' ὥς μοι δέχεται κακὸν ἐκ κακοῦ αἰεῖ.

E dixo entre bágoas **a muller**, semellante ás deusas:

«Patroclo, o ser máis grato para esta desgraciada de min!
Vivo te deixei cando saín desta tenda,
e agora áchote morto, comandante de hostes, ao tornar
de novo. Desgraza sobre desgraza me vén sen cesar!

As palabras da muller permiten deducir o afecto que sentía polo defunto, especialmente se reparamos no último verso, ‘desgraza sobre desgraza me vén sen cesar’. Reflicten estas verbas un sentimento de desamparo ante o futuro inmediato que lle agarda, o cal xa non vai contar cos ánimos do nobre Patroclo e coas súas esperanzadoras promesas de poder casar con Aquiles e así volver gozar da posición que unha vez tivo en Lirneso e que lle foi arrebatada precisamente polos aqueos.

Tanto en estrutura como en contido, o pranto de Briseida correspóndese moi estreitamente co de Aquiles, vv. 315-37 (Edwards 1991: 268). Mentres o de Briseida enfatiza un resultado da asemblea, a súa devolución a Aquiles e a recompensa paga, o de Aquiles dálle voz a outro resultado, o banquete comunitario antes da batalla e a propia ausencia do Pelida deste.

Seguindo coa narración que verbaliza Briseida sobre a súa historia, dirixida ao falecido Meneciada, o seu testemuño lembra a unha Briseida á que non se lle permitiu noutro momento chorar pola morte do que entón era o seu marido, morte que supuxo, á súa vez, a conversión dunha muller libre en escrava de guerra dos aqueos. En troques, Patroclo ofreceulle consolo e un ombreiro no que poder chorar e insufloulle as esperanzas dun futuro certo como esposa do Pelida para que non se sentise tan infeliz na súa miseria.

οὐδὲ μὲν οὐδέ μ' ἔασκες, ὅτ' ἄνδρ' ἐμὸν ὠκὺς Ἀχιλλεὺς
ἔκτεινεν, πέρσεν δὲ πόλιν θείοιο Μύνητος,
κλαίειν, ἀλλὰ μ' ἔφασκες Ἀχιλλῆος θείοιο
κουριδίην ἄλοχον θήσειν, ἄξειν τ' ἐνὶ νηυσὶν
ἔς Φθίην, δαίσειν δὲ γάμον μετὰ Μυρμιδόνεσσι.
τὼ σ' ἄμοτον κλαίω τεθνηότα μείλιχον αἰεὶ.

Nin sequera me permitiches, cando o lixeiro Aquiles matou o meu marido e saqueou a cidade do divino Minete, chorar; asegurabas que me convertirías en lexítima esposa do divino Aquiles e que el me levaría nas naves a Ftía e celebraríaa o banquete de voda entre os mirmidóns.

Por iso choro sen cesar a morte do que sempre foi tan doce.

Aínda que non apareza de xeito explícito nos versos de Homero, os escolios (bT 296) asumen que Minete, o rei da cidade, é o marido de Briseida, polo que esta pena (Edwards 1991: 269-70).

A pregunta de se Aquiles podería ou non casar cunha viúva só aflora nas mentes dos autores dos comentarios.

A narración de Briseida e, polo tanto, o seu protagonismo explícito na obra, remata cos versos 301 e 302 como broche, unha evocación ao comezo do pranto:

᾿Ως ἔφατο κλαίουσ', ἐπὶ δὲ στενάχοντο γυναῖκες
Πάτροκλον πρόφασιν, σφῶν δ' αὐτῶν κήδε' ἑκάστη.

Así falou chorando (**Briseida**), e as mulleres respondían xemendo por Patroclo e tamén polos seus propios dós cada unha.

As mulleres mencionadas reciben o nome de ‘carpideiras’ ou ‘choradeiras’, pois xuntábanse para expresar en público o loito polo defunto, á parte de choraren tamén cada unha polos seus mortos particulares. Isto confírelle á situación un ton moito máis verosímil, desgarrador e real. Estas mulleres pensan nas súas penas e nos falecidos do seu entorno para inspirarse e construír un dó moito máis sentido.

As choradeiras non se valen da ocasión para indultar o seu propio loito, senón que se unen ao pranto de Briseida sobre o corpo sen vida de Patroclo porque unha imaxe tan dolorosa é a que suscita nelas a pena e as leva a compartila coa moza (Edwards 1991: 271).

4. RELACIONES INTERPERSONAIS DE BRISEIDA

Neste capítulo trataremos as relacións da nosa protagonista con diversos personaxes da *Iliada*. A maior parte deles son masculinos: Aquiles, Patroclo, Agamenón e o seu primeiro marido. Entre as personaxes femininas destacamos Criseida e o grupo de carpideiras que se unen a Briseida no pranto por Patroclo.

Así pois, o primeiro en analizar é Aquiles:

4. 1. AQUILES

A relación entre Aquiles e Briseida é o eixo vertebrador deste traballo e a chave para comprender mellor a biografía da moza que estudamos. A continuación procederemos a recompilar as pasaxes da obra nas que se recollen mencións aos personaxes e á relación que entre eles se establece.

Xa no canto I atopamos unha alusión a ambos, na cal Briseida non é tratada nin como muller nin como persoa, senón como un obxecto, un botín, *τὸ γέρας*. Referímonos ao verso 185, cuxo contexto vén dado pola mensaxe que Agamenón lle dirixe a Aquiles. Asegúralle ao Pelida que se el queda sen Criseida, a escrava que lle tocara en prenda, el mesmo iría á tenda de Aquiles a quitarlle a Briseida, á que chama *Βρισηΐδα καλλιπάρηον (...)* *τὸ σὸν γέρας*, ‘Briseida, de fermosas fazulas (...), o teu botín’.

Nesta mesma liña de tratamento de Briseida como un premio está a resposta de Aquiles (vv. 298-9):

χερσὶ μὲν οὐ τοι ἔγωγε μαχήσομαι εἵνεκα κούρης
οὔτε σοὶ οὔτε τῷ ἄλλῳ, ἐπεὶ μ' ἀφέλεσθέ γε δόντες·

Coas mans eu non penso loitar pola moza,
nin contigo nin con outro, pois quitádesme o que me destes.

Ademais Aquiles expresa a súa vontade de manterse impasible ante a posibilidade de que lle arrebaten a Briseida, a moza que lle tocara en prenda grazas á vitoria aqea en

Lirneso. Considera que non é propiedade súa como tal, senón que é un regalo, polo que tanto lle ten quedar sen el, porque antes xa non o tiña, foi algo engadido ao seu patrimonio.

Kirk (1985: 83) ve que estas palabras de Aquiles clarifican a súa posición, pois resultan ser unha advertencia de evitar calquera posible confrontación física e, ao mesmo tempo, un xeito de preservar o seu honor aparentemente intacto.

Cando chegan os heraldos Taltibio e Euríbatos que Agamenón enviara para buscar a rapaza á tenda de Aquiles, este tranquilízalos exculpándoos dos desexos do Atrida e ordénalle presto a Patroclo que lles entregue a Briseida. Pola maneira na que se relata a pasaxe podemos concluír que non lle importaba demasiado o destino da rapaza nin o propio feito de quedar sen ela, sen o trofeo que lle correspondía polo seu bo facer como guerreiro. Vémolo nos versos 337-8:

ἀλλ' ἄγε διογενὲς Πατρόκλεες ἔξαγε κούρην
καί σφωῖν δὸς ἄγειν· (...)

Mais, ea, Patroclo, descendente de Zeus, saca á rapaza e entrégallela para que a leven.

Xusto despois da partida de Briseida, hai outro testemuño na narración. Aquiles apártase dos seus compañeiros e senta sobre a ribeira do mar a chorar. Faino culpando a Agamenón de terlle quitado o seu botín, que non sen esforzo gañara, non por Briseida en si mesma. É así como o relatan os versos 348-56:

(...) αὐτὰρ Ἀχιλλεὺς
δακρύσας ἐτάρων ἄφαρ ἔξετο νόσφι λιασθεῖς,
θῖν' ἔφ' ἀλὸς πολιῆς, ὀρόων ἐπ' ἀπείρονα πόντον·

(...)

«ἦ γάρ μ' Ἀτρεΐδης εὐρὺ κρείων Ἀγαμέμνων
ἠτίμησεν· ἐλὼν γὰρ ἔχει γέρας αὐτὸς ἀπούρας.»

Á súa vez, Aquiles

apartouse ao momento dos seus compañeiros e botouse a chorar sentado sobre a ribeira do canoso mar, ollando o ilimitado ponto.

(...)

«Pois o Atrida Agamenón, señor de anchos dominios,
deshonroume e quitoume o botín e reteno no seu poder.»

Aquiles volve aludir á moza mentres lle conta á súa nai Tetis o ocorrido con Criseida e a consecuente reacción de Apolo contra o pobo aqueo. Lembremos que Agamenón sentenciara que se se chegaba a quedar sen a escrava que lle fora reservada en prenda, Criseida, collería para el a do Pelida Aquiles. Desta vez non se trata duns versos moi esclarecedores en canto á súa relación con Briseida. É de destacar que se refire a ela empregando o nome do seu pai Briseo, non o seu propio, mais tampouco a trata agora como un botín ou unha moza calquera ou que non ten conferido certo valor sentimental. Aparece xa identificada. Vv. 391-2:

τὴν δὲ νέον κλισίηθεν ἔβαν κήρυκες ἄγοντες
κούρην Βρισηῖος τήν μοι δόσαν υἱὲς Ἀχαιῶν.

e coa outra fóronse da miña tenda agora mesmo os heraldos,
coa rapaza de Briseo, que os fillos dos aqueos me deron.

Cando rematou de conversar coa súa nai, Aquiles queda irritado pola muller, como mostran de xeito explícito os versos 428-30:

(...) τὸν δὲ λίπ' αὐτοῦ
χωόμενον κατὰ θυμὸν ἐϋζώνοιο γυναικὸς
τὴν ῥα βίη ἀέκοντος ἀπηύρων· (...)

(...) E (a nai de Aquiles) deixouno alí mesmo,
irritado no seu ánimo **pola muller, de belo talle**,
que pola forza e contra a súa vontade lle quitaran.

Destaca, ademais de que xa se especifica que a súa ira se debe a quedar sen a moza, a caracterización desta: Briseida aparece descrita aquí, como noutras pasaxes da obra, como unha muller fermosa.

Hai no canto II outra mención á cólera de Aquiles (vv. 688-91). Desta vez aparece xa o nome de Briseida e vólvese remarcar a súa beleza:

κεῖτο γὰρ ἐν νήεσσι ποδάρκης δῖος Ἀχιλλεὺς
κούρης χωόμενος **Βρισηΐδος ἠΰκόμοιο**,
τὴν ἐκ Λυρνησοῦ ἐξείλετο πολλὰ μογήσας
Λυρνησσὸν διαπορθήσας καὶ τείχεα Θήβης,

Xacía nas naves o divino Aquiles, de pés protectores,
irritado **por causa da moza Briseida, de fermosos cabelos**,
que arrebatara para si de Lirneso, logo de moitas fátigas
tras saquear completamente Lirneso e as murallas de Teba.

No canto IX hai unha pasaxe na que Néstor fala con Agamenón aconsellándoo sobre o que a el lle parece o máis conveniente na batalla. Fálalle sobre Briseida e refírese a ela como o botín de Aquiles (vv. 106-11): (...) **Βρισηΐδα κούρην** / *χωόμενου Ἀχιλλῆος ἔβης κλισίηθεν ἀπούρας* (...) *ἐλὼν γὰρ ἔχεις γέρας* (...), ‘á moza Briseida / arrebataches e sacaches da tenda do airado Aquiles / (...) e aínda retés o seu botín’.

Vemos como se trata de novo a Briseida como un trofeo de guerra, e non como a causa das penas dun valoroso guerreiro, como apareceu anteriormente.

Nesta mesma liña está a intervención de Agamenón a partir do v. 128, cando procede a enumerar os presentes que lle dará a Aquiles para convencelo. Nesta lista, ademais de sete mulleres, está unha oitava, Briseida, a quen promete devolver ao Pelida (vv. 131-4):

τάς μὲν οἱ δώσω, μετὰ δ' ἔσσεται **ἦν** τότ' ἀπηύρων
κούρη Βρισηΐδος· ἐπὶ δὲ μέγαν ὄρκον ὁμοῦμαι
μή ποτε τῆς εὐνῆς ἐπιβήμεναι ἠδὲ μιγῆναι,
ἦ θέμις ἀνθρώπων πέλει ἀνδρῶν ἠδὲ γυναικῶν.

Esas dareille e ademais estará a que entón lle quitei,
a rapaza de Briseo. E tamén prestarei solemne xuramento
de non ter subido nunca ao seu leito nin terme unido a ela,
como é lei humana entre homes e mulleres.

Ademais, Agamenón comprométese a xurar que non mantivo relacións coa moza, como considera que sería natural. Se ben é certo que polas súas palabras non poidamos saber se non o fixo por respecto a Aquiles ou simplemente por algún outro motivo, cabe ter presente que, pola súa posición dentro do pobo aqueo, Agamenón non ten a obriga de xustificar as súas accións ante Aquiles e, moito menos, de prestar xuramento. E faino.

Na resposta de Aquiles a Ulises, quen lle transmite a lista de presentes ofrecida polo Atrida que acabamos de citar, o primeiro fai unha sutil referencia á moza, tratándoa neste caso tamén como botín (v. 334): *ἄλλα δ' ἀριστήεσσι δίδου γέρα καὶ βασιλεῦσι*, ‘foi dando o **botín** que correspondía aos paladíns e aos reis’.

Porén, pouco máis abaixo (vv. 340-3) na mesma intervención, Aquiles declara por primeira vez que sente amor por Briseida. Retrátase nestes versos un Aquiles frustrado, en nada comparable ao audaz guerreiro que se nos mostra ao longo da obra. Lanza unha pregunta coa que pon nunha balanza o valor do amor que el pode profesar contra o que poden os Atridas. E isto maniféstao de xeito público ante Ulises, é dicir, non se trata dun monólogo interior.

ἦ μοῦνοι φιλέουσ' ἀλόχους μερόπων ἀνθρώπων
Ἄτρεΐδαι; ἐπεὶ ὅς τις ἀνὴρ ἀγαθὸς καὶ ἐχέφρων
τὴν αὐτοῦ φιλέει καὶ κήδεται, ὡς καὶ ἐγὼ **τὴν**
ἐκ θυμοῦ φίλεον δουρικτητὴν περ ἐοῦσαν.

É que os únicos dos míseros humanos que aman as súas esposas son os Atridas? Porque todo home que é prudente e xuízoso ama e coida a súa, **como tamén eu amaba a esta (Briseida) de corazón, aínda que fose prenda adquirida coa lanza.**

Na mención aos Atridas hai unha referencia implícita a Menelao, o culpable de que estean na guerra de Troia, loitando por intentar recuperar á súa esposa Helena.

No canto XVI Aquiles menciona a Briseida nun ton cousificador nunha conversa que mantén co seu querido Patroclo (vv. 56-9):

κούρην ἦν ἄρα μοι γέρας ἔξελον υἷες Ἀχαιῶν,
δουρὶ δ' ἐμῶ κτεάτισσα, πόλιν εὐτείχεια πέρσας,
τήν ἄψ ἐκ χειρῶν ἔλετο κρείων Ἀγαμέμνων
Ἄτρεΐδης ὡς εἴ τιν' ἀτίμητον μετανάστην.

A rapaza que os fillos dos aqueos me reservaron en prenda
e que adquirín coa miña lanza ao saquear a ben amurallada cidade
quitouma das mans o poderoso Agamenón
Atrida, igual que o tería feito cun vil exiliado.

Aquiles pon de manifesto o inxusto que se lle fai que Agamenón o trate como trataría a calquera cunha posición moi inferior á súa: cabe lembrar que foi grazas á súa destra como os aqueos conseguiron boa parte dos triunfos no campo de batalla.

Dálle un consello a Patroclo logo de permitirlle volver á guerra, para que así, unha vez vitorioso o seu compañeiro, lle devolvan a el a Briseida (vv. 83-6):

πεῖθεο δ' ὥς τοι ἐγὼ μύθου τέλος ἐν φρεσὶ θεῖω,
ὡς ἂν μοι τιμὴν μεγάλην καὶ κῦδος ἄρῃαι
πρὸς πάντων Δαναῶν, ἀτὰρ οἱ **περικαλλέα κούρην**
ἄψ ἀπονάσσωσιν, ποτὶ δ' ἀγλαὰ δῶρα πόρωσιν.

Fai caso no último consello que vou indicarlle ás túas mentes;
así gañarás quizais para min unha gran honra e gloria
de todos os dánaos, e entón **a bela moza**
devolveranme e ademais procuraranme espléndidos regalos.

Aquiles está desexoso de ter consigo de volta a Briseida. Nesta ocasión non alude a ela identificándoa como un premio, senón como unha muller fermosa.

No canto XVIII, que narra a morte de Patroclo, hai outro testemuño dos sentimentos do guerreiro por Briseida (vv. 444-6):

κούρην ἦν ἄρα οἱ γέρας ἔξελον υἷες Ἀχαιῶν,
τῆν ἄν ἐκ χειρῶν ἔλετο κρείων Ἀγαμέμνων.
ἦτοι ὁ τῆς ἀχέων φρένας ἔφθιεν· (...)

E mentres dura a súa vida e contempla a luz do sol,
está aflixido e nin sequera pode ir e socorrelo.

A moza que os fillos dos aqueos lle reservaron en prenda
quitoulla das mans o poderoso Agamenón.

Consumía as mentes aflixido **por ela**.

Especificase que o seu pesar, ademais de pola recente morte de Patroclo, se debía á ausencia de Briseida. As palabras destes versos están en boca de Tetis, a súa nai, quen acode á morada de Hefesto e, chorando polo fatal da situación, pídelle que fabrique unha armadura para Aquiles, quen se dispuña a volver ao combate.

No canto XIX, na pasaxe na que Aquiles e Agamenón falan na asemblea tratando de desculpase un co outro, o primeiro preguntalle ao segundo (vv. 56-60):

«Ἄτρεΐδη, ἦ ἄρ τι τόδ' ἀμφοτέροισιν ἄρειον
ἔπλετο, σοὶ καὶ ἐμοί, ὅ τε νῶϊ περ ἀχθυμένω κῆρ
θυμοβόρω ἔριδι μενεήναμεν **εἴνεκα κούρης;**
τῆν ὄφελ' ἐν νήεσσι κατακτάμεν Ἄρτεμις ἰῶ
ἦματι τῷ ὅτ' ἐγὼν ἐλόμην Λυρνησσὸν ὀλέσσας·

Atrida! Foi realmente o mellor para ambos, para ti
e para min, por moi aflixido que estivese o noso corazón,
obstinarnos nunha devoradora rifa **por unha moza?**
Oxalá Ártemis **a** tivese matado nas naves cunha saeta

aquel día no que eu conquistei e destruíñ Lirneso.

Aquiles cambia completamente o ton e a forma de dirixir o seu pensamento cara á moza. Está obstinado coa volta ao campo de batalla ao ser isto o único consolo posible pola morte do seu compañeiro e a única maneira que ten de vingar tan atroz suceso. É por iso polo que busca reducir as diferenzas co Atrida e así deixar de perder o tempo sen loitar. Esquece calquera sentimento que puidera tido ter pola moza e centra todos os seus esforzos no combate, como sería propio dun guerreiro das súas mesmas características.

Na opinión de Edwards (1991: 241) Aquiles diríxese ao Atrida minimizando a importancia de Briseida, tratándoa agora como unha simple ‘moza’ que el capturou, mais xa non o ‘botín’ que lle fora entregado polo exército aqueo como premio, e tampouco unha muller á que chegara a querer.

Na pasaxe na que Agamenón efectúa o xuramento, proceden a entregarlle unha xenerosa cantidade de presentes ao Pelida, ademais da prometida devolución de Briseida.

Cando esta é conducida á tenda de Aquiles e se atopa co corpo sen vida de Patroclo, entoa un pranto por este, que tan grato lle fora en vida. Atopamos, pois, alusións a Aquiles na voz de Briseida (vv. 295-8):

οὐδὲ μὲν οὐδέ μ’ ἔασκες, ὅτ’ ἄνδρ’ ἐμὸν ὠκὺς Ἀχιλλεὺς
ἔκτεινεν, πέρσεν δὲ πόλιν θείοιο Μύνητος,
κλαίειν, ἀλλὰ μ’ ἔφασκες Ἀχιλλῆος θείοιο
κουριδίην ἄλογον θήσειν, (...).

Nin sequera me permitiches, cando **o lixeiro Aquiles matou o meu marido** e saqueou a cidade do divino Minete, chorar; **asegurabas que me converterías en lexítima esposa do divino Aquiles** (...).

As palabras de Briseida deixan ver que tanto ela mesma como Patroclo a cren merecedora dun matrimonio co máis valente guerreiro do exército aqueo. Para ela resultaría

moito máis sinxelo contar coa protección dun home e non vivir o resto dos seus días en condición de escrava.

Edwards (1991: 270) considera que a relación que estamos a analizar, aínda que non sexa romántica, mostra o lado máis amable de Aquiles e prepáranos para o efecto que causará a imaxe deles dous xuntos, que trataremos a continuación.

No último canto, o XXIV, hai por vez primeira na *Iliada* unha mención explícita a ambos personaxes que nesta epígrafe relacionamos, Briseida e Aquiles, xacendo xuntos. Aparece no v. 676: τῷ δὲ **Βρισηΐς** παρελέξατο **καλλιπάρηος**, ‘e ao seu carón deitouse **Briseida, a de fermosas fazulas**’.

Segundo o criterio de Richardson (1993: 347), a mención de Briseida durmindo con Aquiles, sendo esta a última vez que aparece o guerreiro na obra, confírelle unha maior intensidade.

4. 2. PATROCLO

A relación que Briseida mantén con Patroclo é moi especial, e non será ata o canto XVIII, que narra a morte do varón e analizaremos deseguido, cando vexamos claras probas disto. Patroclo foi o encargado de tranquilizar a Briseida logo do saqueo de Lirneso, a súa terra, e o asasinato do seu marido e os seus irmáns. Ela, que nese momento estaba totalmente desconsolada e sen ningún tipo de esperanza, acolleu as promesas de Patroclo como o máis valioso ao que podía aterse. Co seu pasamento, ademais do gran pesar que lle suscitaba o feito en si mesmo, tamén viu esvaerse toda posibilidade dun futuro ao lado do Pelida Aquiles en calidade de esposa súa.

Seguindo co procedemento que levamos empregando ao longo deste traballo, procederemos a recoller todas as mencións a ambos personaxes ou ben á súa relación segundo aparezan no relato, canto por canto.

No canto I aparece a primeira mención a ambos personaxes xuntos nos versos 337-8 (xa tratados na anterior epígrafe), cando os heraldos de Agamenón chegan á tenda de Aquiles

para levar á xove Briseida e o Pelida lle ordena a Patroclo que a saque do interior da tenda e llela entregue aos enviados. Patroclo obedeceu as ordes do seu compañeiro e entregou a Briseida.

Pasando xa ao canto XVI, hai unha pasaxe (vv. 83-6) tamén xa mencionada na epígrafe de Aquiles na que este fala con Patroclo e o aconsella para a loita, para que así retorne vitorioso e os aqueos lle devolvan a Briseida.

O canto XIX contén a maior parte da información relativa a Briseida e Patroclo. Cando lle é devolta a xove Briseida a Aquiles, xunto cun gran cargamento de presentes, esta chega á tenda do Pelida e o primeiro que ve é o corpo sen vida de Patroclo (vv. 282-5):

Βρισηῖς δ' ἄρ' ἔπειτ', ἰκέλη χρυσέη Ἀφροδίτη,
ὥς ἶδε Πάτροκλον δεδαῖγμένον ὀξεί χαλκῷ,
ἀμφ' αὐτῷ χυμένη λίγ' ἐκόκυε, χερσὶ δ' ἄμυσσε
στήθεά τ' ἠδ' ἀπαλὴν δειρὴν ἰδὲ καλὰ πρόσωπα.

Entón **Briseida**, semellante á áurea Afrodita,
ao ver o corpo de Patroclo desgarrado polo afiado bronce,
caeu abrazada a el e estalou en agudos xemidos, e rabuñábase
coas unllas o peito, o suave pescozo e a fermosa cara.

A descrición da reacción de Briseida ante tal imaxe é totalmente desgarradora. Invádeala unha profunda dor e tristeza, e o 'rabuñarse coas unllas' diferentes partes do corpo constitúe unha ácida expresión de dó.

Segue o seu pranto polo defunto (v. 286):

εἶπε δ' ἄρα κλαίουσα γυνὴ ἔϊκυῖα θεῆσι·
«Πάτροκλέ μοι δειλῆ πλεῖστον κεχαρισμένε θυμῷ,
ζῶν μὲν σε ἔλειπον ἐγὼ κλισίηθεν ἰοῦσα,
νῦν δέ σε τεθνηῶτα κιχάνομαι, ὄρχαμε λαῶν,
ἄψ ἀνιοῦσ'· **ὥς μοι δέχεται κακὸν ἐκ κακοῦ αἰεί.**

E dixo entre bágoas a muller, semellante ás deusas:

«Patroclo, o ser máis grato para esta desgraciada de min!

Vivo te deixei cando saín desta tenda,
e agora áchote morto, comandante de hostes, ao tornar
de novo. **Desgraza sobre desgraza me vén sen cesar!**

Briseida é agora unha muller que sente, padece pola morte de Patroclo e expresa o seu loito persoal, non o fai como apoio a outras mulleres.

Edwards (1991: 269) apunta que o emprego de *νῦν δέ* compárteo Aquiles no verso 319. Mais mídense as perspectivas da dor pola morte de Patroclo e, no caso de Aquiles, que non sufriu anteriormente tanto como o fixo Briseida, faino comparando o seu loito a unha dor futura (v. 321).

Briseida continúa dirixíndose a Patroclo (v. 295):

οὐδὲ μὲν οὐδέ μ' ἔασκες, ὄτ' ἄνδρ' ἐμὸν ὤκῳς Ἀχιλλεὺς
ἔκτεινεν, πέρσεν δὲ πόλιν θείοιο Μύνητος,
κλαίειν, ἀλλά μ' ἔφασκες Ἀχιλλῆος θείοιο
κουριδίην ἄλοχον θήσειν, (...).
τὼ σ' ἄμοτον κλαίω τεθνηότα μείλιχον αἰεὶ.

Nin sequera me permitiches, cando o lixeiro Aquiles
matou o meu marido e saqueou a cidade do divino Minete,
chorar; asegurabas que me convertirías en lexítima esposa
do divino Aquiles (...).

Por iso choro sen cesar a morte do que sempre foi tan doce.

Briseida ve a Patroclo como a súa única consolación cando Aquiles a deixou viúva, non lle permitiu expresar o seu loito e a capturou como escrava de guerra. Patroclo, asegurándolle unha voda con Aquiles, conseguiu que a moza non se sentise tan desamparada pola perda que viña de sufrir, que supuña para ela quedar como muller soa, sen un marido que a protexese e tamén sen os seus benqueridos irmáns varóns.

A solución era casar co guerreiro que lle causara tal desgraza, mais polo menos desa forma estaría protexida baixo o mando dun valeroso combatente. Isto supuña para o devir da súa vida unha leve mellora, pois non quedaría o resto dos seus días en condición de simple escrava, senón que recuperaría o seu status de muller libre e digna dun matrimonio dese calibre.

A amabilidade de Patroclo a esta muller infeliz compáraa Edwards (1991: 270) á de Héctor para con Helena.

A estrutura *οὐδὲ μὲν οὐδέ* é moi enfática, e máis se destacamos a súa posición de comezo de verso (Edwards 1991: 270).

4. 3. AGAMENÓN

A relación entre Briseida e Agamenón é practicamente referencial. Porén, analizaremos as máis relevantes para o estudo da súa evolución e centrarémonos no trato que o soberano emprega coa rapaza, a máis pura cousificación de Briseida na obra.

A primeira alusión que Agamenón fai a Briseida é xa no canto I, e supón a primeira aparición da moza na obra. Diríxese a Aquiles para advertilo de que en caso de que Febo Apolo lle quite á súa moza Criseida, el fará o propio con Briseida (v. 184):

ὡς ἔμ' ἀφαιρεῖται Χρῦσηΐδα Φοῖβος Ἀπόλλων,

(...)

(...) ἐγὼ δέ κ' ἄγω **Βρισηΐδα καλλιπάρηον**

αὐτὸς ἰὼν κλισίην δὲ **τὸ σὸν γέρας** (...).

Igual que Febo Apolo me quita a Criseida,

(...)

pode que me leve a **Briseida, de fermosas meixelas,**
o teu botín.

Considera a moza non como unha muller, senón como un trofeo que lle foi entregado a Aquiles logo dun vitorioso golpe en Lirneso. Constitúe, como recompensa, un simple obxecto.

O Atrida encárgalle a Taltibio e Euríbatas, os seus dous heraldos e dilixentes servidores, que fosen á tenda de Aquiles e trouxesen a Briseida. Se o Pelida non quixer entregala, el mesmo iría en persoa con reforzos (v. 322):

«Ἔρχεσθον κλισίην Πηληϊάδεω Ἀχιλῆος·
χειρὸς ἐλόντ' ἀγέμεν Βρισηΐδα καλλιπάρηον·
εἰ δέ κε μὴ δώησιν ἐγὼ δέ κεν αὐτὸς ἔλωμαι
ἐλθὼν σὺν πλεόνεσσι· (...)

Ide ambos á tenda do Pelida Aquiles,
e aside da man e traede a Briseida, a de belas meixelas.
E se non a entrega, eu mesmo en persoa pode que a colla
indo con máis (reforzos).

Busca facerse con ela a calquera custo.

Xa no canto IX, no marco da pasaxe xa citada na que Néstor aconsella a Agamenón, recrimínalle que lle tivese arrebatado a moza ao Pelida, motivo do afastamento deste do campo de batalla e da consecvente e progresiva derrota do exército aqueo. A intervención que tratamos correspóndese cos versos 106-11:

ἔξ ἔτι τοῦ ὅτε διογενὲς **Βρισηΐδα κούρη**
χωομένου Ἀχιλῆος ἔβης κλισίηθεν ἀπούρας
οὐ τι καθ' ἡμέτερόν γε νόον· (...)
εἷζας ἄνδρα φέριστον, ὃν ἀθάνατοί περ ἔτισαν,
ἠτίμησας, **ἐλὼν γὰρ ἔχεις γέρας**· (...)

(...) Dende que, oh, descendente de Zeus, **á moza Briseida**
arrebataches e sacaches da tenda do airado Aquiles
en contra da nosa opinión; (...)

e ao varón máis valioso, recompensado ata polos inmortais,
deshonraches, pois quitácheslle e aínda retés **o seu botín**.

Estes versos xa os analizamos anteriormente na epígrafe de Aquiles, mais resultan de interese tamén para estudar a relación con Agamenón, por iso os recuperamos.

A continuación, Agamenón procede a enumerar os presentes que lle dará a Aquiles para convencelo (v. 131) e ademais engade un xuramento de non ter mantido relacións íntimas con ela. Isto é, durante o tempo no que a tivo no cautiva baixo o seu poder, apenas compartiu tempo e espazo con ela, o contacto entre ambos foi mínimo. O desexo de Agamenón, mais que facerse coa rapaza, é darlle unha lección ao Pelida e, ao tempo, advertir a todos os aqueos e facelos así conscientes da súa posición de superioridade con respecto ao resto.

τὰς μὲν οἱ δώσω, μετὰ δ' ἔσσεται ἦν τότε' ἀπηύρων
κούρη Βρισηῆος· ἐπὶ δὲ μέγαν ὄρκον ὁμοῦμαι
μή ποτε τῆς εὐνῆς ἐπιβήμεναι ἠδὲ μιγῆναι,
ἢ θέμις ἀνθρώπων πέλει ἀνδρῶν ἠδὲ γυναικῶν.

**Esas dareille e ademais estará a que entón lle quitei,
a rapaza de Briseo.** E tamén prestarei solemne xuramento
de non ter subido nunca ao seu leito nin terme unido a ela,
como é lei humana entre homes e mulleres.

Pasamos á pasaxe da asemblea, no canto XIX, na que falan Aquiles e Agamenón. O segundo fai unha referencia a Briseida denominándoa 'botín', *γέρας* (v. 89).

Agamenón efectúa o xuramento antes citado e na súa declaración vemos como a moza é tratada como unha mercadoría, un produto que non degustou malia ser da súa propiedade (v. 258):

«ἴστω νῦν Ζεὺς πρῶτα, θεῶν ὑπατος καὶ ἄριστος,
Γῆ τε καὶ Ἥλιος καὶ Ἐρινύες, αἱ θ' ὑπὸ γαῖαν
ἀνθρώπους τίνυνται, ὅτις κ' ἐπίορκον ὁμόσση,

μη μὲν ἐγὼ κούρη Βρισηΐδι χεῖρ' ἐπένεικα,
οὔτ' εὐνής πρόφασιν κεχρημένος οὔτέ τευ ἄλλου.
ἀλλ' ἔμεν' ἀπροτίμαστος ἐνὶ κλισίῃσιν ἐμῆσιν .

Sexa testemuña primeiro Zeus, o deus máis sublime e excelso,
e tamén a Terra, o Sol e as Erinies, que baixo terra
castigan ás xentes que prestan xuramento perxuro,
de que **nunca puxen a man sobre a moza Briseida**
nin por desexo manifesto do seu leito nin por ningún outro motivo,
e de que permaneceu intacta na miña tenda.

Vemos, xa que logo, que a visión que Agamenón ten de Briseida é a dun produto, que a el lle serviu de proveito para amolar a Aquiles e poñer orde nas filas do exército aqueo. Equiparouna en valor a unha recompensa económica ou material, mais sen ter en ningún momento en conta os seus sentimentos nin a súa opinión.

4. 4. O SEU MARIDO

A información que aporta a *Iliada* sobre a relación de Briseida co seu defunto marido é reducida e está contida case na súa totalidade na pasaxe do pranto de Briseida por Patroclo.

ἄνδρα μὲν ᾧ ἔδοσάν με πατήρ καὶ πότνια μήτηρ
εἶδον πρὸ πτόλιος δεδαῖγμένον ὄξει χαλκῷ

Ao marido a quen me confiaron o meu pai e a miña augusta nai
vino diante da cidade desgarrado polo afiado bronce

Cando os aqueos invaden Lirneso e destrúen a cidade, na cal reinaba este home, é o propio Aquiles quen acaba coa súa vida aos ollos de Briseida. Esta, que logo foi convertida en escrava de guerra e privada cruelmente da súa liberdade, era unha muller libre que gozaba de certos privilexios debido ao seu status social. Era a esposa dun rei e xuntos vivían en Lirneso, deducimos, unha vida apracible.

4. 5. CRISEIDA

A relación entre ambas mozas é, en moitos aspectos e comezando xa polo nome, paralelística. O nome de Briseida, como xa se dixo noutro capítulo, é un patronímico derivado de Briseo, o seu pai; mentres que o de Criseida o é do seu, o sacerdote Crises.

Ambas son recrutadas polos aqueos e pasan de ser mulleres libres a escravas de guerra. Os dous guerreiros máis destacables do bando grego involúcranse nunha disputa por estas dúas mulleres, ao serlle requirido ao Atrida que devolva a que tiña no seu poder, Criseida. Este, negándose a quedar sen a parte do botín que lle correspondía, unha serva, decidiu quitarlle ao Pelida a Briseida, a moza que lle tocara a el no reparto de bens.

A principal diferenza entre ambas é o seu destino: Criseida é finalmente posta en liberdade grazas aos rogos do seu pai Crises, sacerdote de Apolo, a este deus; mentres que Briseida permanece ao lado de Aquiles en condición de escrava.

4. 6. CONXUNTO DE CARPIDEIRAS

Como xa apuntamos en ocasións anteriores, estas mulleres que se unen a Briseida na pasaxe do pranto para chorar a Patroclo non o fan especialmente porque coñecesen ao falecido ou á mesma Briseida, senón que se agrupan arredor do defunto e entoan uns cantos fúnebres moi sentidos.

A relación entre as mulleres e quen encabeza o pranto ou o defunto non é neste caso importante, senón que elas se inspiran evocando na súa memoria as dores propias de cada unha e mais os seus respectivos loitos pasados. Comparten, porén, con Briseida a pena e o sentimento de abandono e soidade, aínda que non de xeito simultáneo.

Podemos concluír que o coñecen por experiencias pasadas e, debido a este factor, empatizan con el e coa moza que se lamenta.

5. RECONSTRUCCIÓN CRONOLÓXICA DA IMPORTANCIA DE BRISEIDA NA *ILÍADA*

O cuarto e último capítulo do presente traballo pretende recompilar os momentos máis importantes da obra dende a óptica da personaxe que estudamos. Nunha perspectiva xeral, apreciamos como Briseida conta cunha posición privilexiada entre o conxunto de mulleres cautivas no campamento grego.

A súa relevancia na obra reside, en primeiro lugar, no feito de que a súa primeira aparición no canto I da *Iliada* supón a primeira entrada dunha personaxe feminina na obra (Molli 2021: 3). Logo dun fugaz mais crucial aparecemento no canto I, Briseida está ausente ata o canto XIX, cando ten lugar a súa volta á tenda de Aquiles. Entrementres, é a miúdo nomeada ao longo da obra en evocacións que fan outros personaxes, principalmente Aquiles e Agamenón. Convértena, xa que logo, en “obxecto de focalización” (Molli 2021: 4).

Ademais, aínda que dun xeito indirecto e paciente, Briseida é tamén o motivo polo que Aquiles, o máis destacado guerreiro aqueo, se retira do combate e deixa o seu exército sen líder e sen forzas para afrontar a batalla na que se atopaba inmerso. Unha vez que a moza lle é devolta, el tamén volve ao campo de batalla, mais faino para vingar a morte do seu amigo Patroclo.

No contexto da morte do seu benquerido amigo Patroclo, a moza toma a palabra para darlle voz ás súas emocións persoais (Molli 2021: 4). É enxalzada ao dotala dunha intervención con discurso directo, isto é, ten voz propia e protagoniza importantes accións: expón os seus sentimentos e emocións en público e chora unha morte que si lle afecta a ela directamente e non, como tratamos na epígrafe 4.6. referíndonos ás carpideiras, sumándose a un pranto común para así poder chorar as súas desgrazas persoais.

A súa relevancia no relato e no desenvolvemento dos acontecementos bélicos é, como xa se puido entrever ao longo da presente investigación, progresiva. Chega ao seu cume na pasaxe do pranto por Patroclo, pasando de ser unha personaxe secundaria sen apenas voz nin capacidade de decisión dos seus propios actos a ser quen toma a dirección das accións que están tendo lugar.

Outra pasaxe na que se demostra a gran importancia da nosa moza na obra é a escena final dela e Aquiles deitados xuntos, o que confirma a vontade desta de permanecer ao lado do guerreiro e a súa pretensión de facelo recuperando a posición social que o propio varón lle arrebatara en Lirneso. Briseida, xa que logo, deixaría de ser a súa escrava para ser a súa muller, segundo Patroclo lle prometera que ocorrería.

6. CONCLUSIONES

Tras este estudo sobre a figura de Briseida, podemos expoñer unha serie de afirmacións que consideramos acertadas e debidamente razoadas nas páxinas precedentes.

A personaxe que analizamos foi xa estudada baixo distintas lentes e clasificada como unha sombra cunha personalidade non ben definida (Molli 2021: 2). Porén, claramente vemos neste punto que esta etiqueta é errónea, pois malia que a súa presenza sexa certamente escasa en termos cuantitativos, aparecendo na obra en menos de cen hexámetros (Molli 2021: 2), dende unha óptica cualitativa Briseida supón unha peza fundamental na *Iliada* e a súa importancia na obra resulta incontestable.

Malia estar relegada a un segundo plano, a súa historia é chave para o desenvolvemento da guerra, así como o son as súas accións propias ou das que é suxeito paciente. Ela non escolle ser capturada polos aqueos nin ser o premio de Aquiles, do mesmo xeito que non decide pasar logo a mans de Agamenón polo desexo deste de reprender ao primeiro.

Tanto o que sofre como simple moeda de cambio como o que ela mesma protagoniza configuran a imaxe dunha muller que, aínda no contexto dun conflito bélico e, polo tanto, maioritariamente masculino, ten capacidade para cambiar o transcurso dos feitos e certo poder sobre os mandatarios do bando aqueo.

Briseida é a personificación dos sentimentos que afloran na guerra. Por unha banda, simboliza os efectos deshumanizados e degradantes da contenda: é o exemplo vivinte de todas as mulleres libres que foron despoixadas de todo canto tiñan, incluídos os seus escasos dereitos e a súa liberdade, e convertidas en posesión, para ser concibidas só como premio nun mundo onde competen os valores masculinos (Arthur 1981: 248).

Porén, non só hai odio, rancor, ira. Tamén hai agradecemento, como o que ela sente cara a Patroclo; honor, o que a moza simboliza nun principio para Aquiles; e amor, ou unha estreita aproximación, segundo nos deixa ver a escena final de Aquiles e Briseida.

A respecto deste último sentimento hai confrontación de opinións, mais se nos apoiamos nunha visión panorámica da historia de Briseida podemos soste con firmeza esta afirmación. Asemade, segundo Molli (2021: 4), as bágoas que Aquiles deixa escapar no canto I, cando os heraldos de Agamenón lle levan a Briseida da súa tenda, pódense interpretar como bágoas de amor. Se estas son unha resposta emocional á anguria e á ira que sente, entón Briseida non é máis que a compensación humana do seu botín de guerra e Aquiles estaría chorando pola inxustiza que Agamenón lle estaba facendo sufrir. Pola contra, se o desconsolo do guerreiro se debe unicamente á perda de Briseida en si mesma, como mantén na súa postura Molli, entón a escrava estaría ocupando un lugar máis importante do que aparentemente se indica no corazón do Pelida (Molli 2021: 4). Persoalmente tamén nos decantamos por esta segunda postura.

A participación de Briseida é decisiva para o desenvolvemento dos acontecementos na etapa final da guerra de Troia, polo que vemos insuficiente tratala como mera personaxe secundaria e sen aparente transcendencia. Unha das metas deste proxecto era desbotar este pensamento e para isto tentouse analizar a súa persoa dende distintas perspectivas e ámbitos, procurando achegarnos máis ao seu entorno e afondar no seu coñecemento.

Como resultado obtivemos unha imaxe moito máis completa da figura de Briseida e tamén dos sentimentos que os personaxes máis destacables da *Iliada* lle profesaban á moza e mais entre eles.

7. BIBLIOGRAFÍA

ARTHUR, Marylin A. 1981: «The divided world of Iliad VI» en H. Foley (ed.), *Reflections of Women in Antiquity*, 19-44. New York.

CRESPO, Emilio. 2006: *Iliada*. Barcelona: RBA Coleccionables (Biblioteca Gredos).

EDWARDS, Mark W. 1991: *The Iliad: a commentary. Volume V: books 17-20*. Great Britain: Cambridge University Press.

ESTEBAN SANTOS, Alicia. 2007: «De princesas a esclavas. En Troya» (Heroínas de la mitología griega III). *Cuadernos de Filología Clásica. Estudios griegos e indoeuropeos*, 17, 45-75. Madrid: Universidad Complutense de Madrid.

FARRON, Steven. 1979: «The portrayal of women in the Iliad» *Acta Classica*, 22, 15–31. Classical Association of South Africa.

HAINSWORTH, Bryan. 1993: *The Iliad: a commentary. Volume III: books 9-12*. United Kingdom: Cambridge University Press.

JANKO, Richard. 1992: *The Iliad: a commentary. Volume IV: books 13-16*. Great Britain: Cambridge University Press.

KIRK, G.S. 1985: *The Iliad: a commentary. Volume I: books 1-4*. Great Britain: Cambridge University Press.

MOLLI, Linda. 2021: «Just a pale shadow? The characterization of Briseis in Homer's Iliad». *Acta Antiqua Academiae Scientiarum Hungaricae*. Budapest: Akadémiai Kiadó.

RICHARDSON, Nicholas. 1993: *The Iliad: a commentary. Volume VI: books 21-24*. United Kingdom: Cambridge University Press.

